



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 11 DE XULLO DE 2016

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as trece horas e trinta minutos do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permuy, Alcalde.
- Concello de Cedeira: Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde.
- Concello de Fene: Antón Lois Noceda Carballo, representante do Concello de Fene.
- Concello de Ferrol: Beatriz Sestayo Doce, 2ª representante do Concello de Ferrol no Pleno da Mancomunidad.
- Concello de Mugardos: Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde.
- Concello de Narón: Manuel Antonio Ramos Rodríguez, representante do Concello de Narón.
- Concello de Neda: Ángel Alvariño Saavedra, Alcalde.
- Concello de Valdoviño: Benito Manuel Vega Fernández, representante do Concello de Valdoviño.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor accidental Fidel García Martul, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

1. Lectura e aprobación, se procede, da/s acta/s da/s sesión/s anteriores.

Por unanimidade das persoas asistentes apróbase a acta da sesión de 13 de xuño de 2016.

2. Programa "Territorio de Empleo 2016-2017".

Dase conta da Resolución do Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral de 15 de xuño de 2016 pola que se concede á Mancomunidad unha subvención para o desenvolvemento do proxecto "Territorio de Empleo 2016-2017" ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Empleo e Industria do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2016 e 2017.

3. Condicións para o desenvolvemento do proxecto de "Street Art" dentro do convenio coa Axencia Turismo de Galicia.

As persoas asistentes acordan por unanimidade aprobar a proposta da xerencia da Mancomunidad a continuación transcrita, incluíndo nela as dimensións do mural como criterio de valoración de propostas.

"PROPOSTA SOBRE AS CONDICIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE "STREET ART" DENTRO DO CONVENIO COA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

Dentro do convenio coa Axencia Turismo de Galicia para o ano 2016 figura como actuación 4 a denominada "Turismo e Cidadanía", cun importe total de 10.000,00 €, que contempla a realización de intervencións de "Street Art" xunto a promoción das Meninas de Canido e a dinamización da cidadanía a través das redes sociais.



Tendo en conta que o prazo para a xustificación do convenio remata o 15 de decembro de 2016, é necesario priorizar as actuacións en función da dispoñibilidade legal dos elementos sobre os que se vai actuar.

De acordo co anterior, propónse a adopción dos seguintes acordos:

1. Destinar 7.986,00 € da actuación á realización de murais de "Street Art", que serán 6 en total.
2. Solicitar aos 21 concellos integrantes do xeodestino que remitan á Mancomunidade unha proposta de localización dos elementos sobre os que se vai actuar, acompañada dun certificado do secretario municipal da plena dispoñibilidade destes elementos. Entenderase que existe plena dispoñibilidade cando as actuacións para as cales se solicita subvención non están pendentes de ningunha autorización ou licenza urbanística ou sectorial tanto municipal como por parte doutros organismos ou administracións públicos en materia de dominio público hidráulico, patrimonio cultural ou estradas, entre outras, ben por dispoñeren dela ou por non ser preceptiva. No caso de existir unha cesión por un particular ésta terá unha duración mínima de 10 anos. Tratarase en todo caso de espazos exteriores de superficie lisa de ladrillo, bloque ou revestidos con cemento/pintura.
3. As primeiras 6 propostas completas que se reciban dos concellos serán utilizadas no marco do convenio de 2016, e as restantes teranse en conta nos proxectos do ano 2017.
4. Apróbanse as condicións para a contratación da realización de murais turísticos que se recollen a continuación, sen prexuízo das revisións resultantes da fiscalización do expediente, das que se dará conta ao Pleno.

"CONDICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN DE MURAI TURÍSTICOS EN FERROLTERRA

1. Obxecto

O obxecto deste contrato é a realización de ata SEIS (6) murais exteriores nas localizacións dos concellos do xeodestino Ferrolterra – Rías Altas que se determinan no anexo I. O proxecto busca reflectir os emblemas e valores máis representativos dos concellos e de Ferrolterra. Esta intervención pretende poñer en valor aqueles espazos que se encontren degradados ou afectados negativamente pola presenza de elementos que rompan a súa harmonía.

O fin último do proxecto é transformar a percepción destes espazos de forma que sexan acordes co valor dos recursos turísticos do destino e contribúan a unha imaxe positiva do territorio., tanto para os turistas como para os anfitrións (a cidadanía e as persoas emprendedoras no sector turístico).

2. Importe

Establécese para cada mural un importe máximo 1.331,00 € (1.100,00 € máis 331,00 € correspondentes ao 21 % de IVE).

Como resultado da valoración de ofertas, a Mancomunidade poderá adxudicar a realización dos seis murais a unha mesma empresa ou ben adxudicar a realización de distintos murais a distintas empresas.

3. Prazo



O prazo para rematar os murais remata o 30 de novembro de 2016.

4. Presentación de ofertas

As ofertas enviaranse por correo electrónico á dirección coordinacion@turismoferrolterra.es antes do día ___ ás _____ horas.

O correo electrónico terá como asunto "Contratación da realización de murais turísticos en Ferrolterra" e conterá como anexos a seguinte documentación en formato pdf, sen que a mensaxe poida exceder os 20MB de peso:

1. Polo menos 1 bosquexo do mural a realizar en cada un dos concellos en formato pdf.
2. Algunhas imaxes de traballos previos similares
3. Memoria e oferta económica, coa seguinte información relativa a cada mural:
 - a) Tipo/Marca/Modelo de pinturas/materiais a empregar.
 - b) Medios humanos e materiais que porá a disposición deste proxecto.
 - c) Servizos de mantemento.
 - d) Melloras
 - e) Dimensións.
 - f) Oferta económica.
4. Certificados de estar ao corrente con:
 - a) A Axencia Tributaria Estatal
 - b) A Axencia Tributaria de Galicia
 - c) A Seguridade Social
 - d) A Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Dita documentación poderá ser re-enviada aos membros da comisión de valoración para o seu estudo.

5. Condicións específicas

Calidade. A calidade dos murais é unha das principais determinacións que se terá en conta á hora de valorar as diferentes ofertas. Para este fin, os candidatos deberán empregar sprays e outros materiais de calidade.

Prezo. No prezo se atoparán engadidos os gastos correspondentes á execución material, desprazamentos e calquera outro gasto en que incorra o adxudicatario para a realización dos traballos.

Características estéticas e funcionais. O obxecto principal do contrato é a dinamización de recursos e a posta en valor de aqueles espazos que se encontran degradados, polo que a función estética do mural será primordial. Valorarase o deseño, orixinalidade, integración e adecuación ao entorno dos bosquexos presentados, as técnicas a empregar, a sensibilidade, capacidade de impacto, e o reflexo da realidade ou señas de identidade do noso territorio.

Motivo do mural. Empregaranse como motivo iconas turísticas ou emblemáticas dos concellos e de Ferrolterra, de forma individual ou combinándoos nunha composición.

Publicidade. Todos os murais levarán visible a marca "Ferrolterra – Rías Altas" xunto cos logotipos de Xunta de Galicia, a marca Galicia e a Mancomunidad de Concellos da



Comarca de Ferrol.

Prazo de entrega. A Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol ten que cumprir con rigor os prazos de xustificación, polo que será moi exixente respecto dos prazos de entrega.

Características medioambientais. Posto que Ferrolterra é un destino cunha grande rede de espazos naturais protexidos, así como con outro tipo de proteccións patrimoniais, terase en conta que se empreguen sprays con pigmentos naturais e/ou coa menor porcentaxe de resinas acrílicas.

Mantemento. As obras, ao estar localizadas no exterior, estarán expostas ás inclemencias meteorolóxicas, polo que será un factor valorable que se empreguen materiais permeables e de larga duración; en definitiva, aqueles que o artista considere oportunos para a boa conservación das obras.

Servizos de mantemento. Para unha mellor valoración da proposta, a empresa ofertante deberá indicar se a execución da súa obra abrangue algún tipo de mantemento a posteriori, así como as tarefas de posibles intervencións sobre os murais unha vez rematados: defectos, golpes ou calquera posible incidencia que dane a pintura.

Melloras. Valorarase como mellora que a empresa documente o proceso mediante fotografías ou vídeos que representen a situación previa, a transformación e o estado final do espazo no que se realice a intervención.

6. Criterios e puntuación para a valoración das ofertas.

Valoraranse de cada mural os seguintes aspectos aos que se lles poderá asignar como máximo a puntuación que se indica:

- Calidade estética e técnica/s a empregar: bosquejos dos murais (40 puntos)
- Orzamento/Prezo (10 puntos)
- Medios humanos e materiais que se porán a disposición deste proxecto (10 puntos)
- Tipo/Marca/Modelo de pinturas/materiais a utilizar (5 puntos)
- Características medioambientais (5 puntos)
- Servizos de mantemento (5 puntos)
- Dimensións (10 puntos)
- Melloras (5 puntos)

Máximo total: 90 puntos.

7. Comisión de valoración.

Constituirase una comisión de valoración das propostas que estará integrada por:

- 1 persoa designada por cada concello no que se vaian a executar os murais
- Coordinador do Plan de Turismo de Ferrolterra e/ou o Xerente da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol.

Será labor desta comisión de valoración avaliar as diferentes propostas recibidas e puntuar segundo os criterios indicados anteriormente.

8. Prazo de garantía.

Establecese un prazo de garantía de 5 anos a contar desde a data de entrega dos bens.



Se durante o mesmo se acredita a existencia de vicios ou defectos na execución, a Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol terá dereito a reclamar a reposición dos que resulten inadecuados ou á reparación dos mesmos se fose suficiente.

Se a Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol estimase, durante o prazo de garantía, que os bens non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados e imputables ao empresario, e exista a presunción de que a reposición ou reparación de ditos bens non serán bastantes para logras aquel fin, poderá, antes de expirar dito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obrigación de pago ou con dereito, no seu caso, a recuperar o importe satisfeito.

Rematado o prazo de garantía sen que a Mancomunidad formalizase algún dos reparos ou a denuncia á que se refiren os apartados anteriores, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados.

9. Facturación

A empresa responsable da execución dos traballos emitirá unha factura polos servizos efectuados.

Os datos para facturar á Mancomunidad son:

Razón social: Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol

Enderezo: Praza de Armas s/n, 15402 Ferrol

C.I.F.: P-15000021

Ademais constará na factura o texto "Gasto cofinanciado ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol para a realización de actividades de promoción e información do turismo no Xeodestino Ferrolterra."

4. Acondicionamento de praias para a accesibilidade.

As persoas asistentes deliberan sobre este asunto.

O alcalde de Ares informa sobre a intervención realizada na praia accesible existente neste concello.

Trala deliberación, acórdase que por parte de cada un dos concellos onde sexa factible levarase a cabo o acondicionamento dunha praia accesible, tendo en conta as demandas do colectivo de persoas con diversidade funcional e a mellora da calidade do destino turístico Ferrolterra-Rías Altas.

5. Seguimento e impulso de servizos e proxectos.

A proposta do concello de Narón, examinada a a Orde do 22 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017, acórdase por unanimidade das persoas asistentes:



1. Solicitar a subvención.
2. Os concellos comprométense ao financiamento do importe dos custos necesarios para completar o orzamento previsto para a realización da actuación ou medida para a que se solicita a subvención.
3. Para preparar a solicitude, tendo en conta a especificidade técnica do proxecto, contarase co asesoramento do persoal de servizos sociais do concello de Ferrol.


6. Rogos e preguntas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as quince horas, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidade

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández



O Secretario da Mancomunidade

Asdo: Leopoldo Moure García

